

RESOLUCIÓN RECTORAL DO 24 DE NOVEMBRO DE 2003  
POLA QUE SE AUTORIZA O ABOAMENTO Ó PERSOAL  
LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVICIOS DUNHA  
CONTÍA ANUAL EQUIVALENTE AO INCREMENTO  
EXPERIMENTADO NAS PAGAS EXTRAS DOS  
FUNCIONARIOS NO ANO 2003 .

De conformidade coa disposición adicional 12a da Lei 6/2002, do 27 de decembro (DOG do 30), de orzamentos xerais da Coniunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003, as pagas extraordinarias do persoal funcionario experimentaron no ano 2003 un incremento do 20% do complemento de destino mensual que percibe o funcionario, e a mesma disposición establece que *a masa salarial do persoal laboral experimentará o incremento necesario para facer posible a aplicación a este dunha contía anual equivalente á que resulte para os funcionarios públicos. de acordo co disposto nos dous parágrafos anteriores do presente acordo.*

Pola súa parte, a Orde do 15 de xaneiro de 2003 (DOG do 21), pola que se dictan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ó servizo da Administración autonómica para o ano 2003, modificada por corrección de erros publicada no DOG o 29 de xaneiro, establece que, con efectos do 1 de xaneiro de 2003, o persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do IV convenio colectivo único percibirá as pagas extraordinarias coas contías que se detallan no anexo VIII, nas que se incorporou a cantidade, segundo o disposto na disposición adicional 12' da citada Lei 6/2002, que permitiu a aplicación a el dunha contía anual equivalente á que resultou para os funcionarios públicos.

E tendo en conta que o artigo 6 do I convenio colectivo para o persoal laboral da Universidade de Vigo dispón que *durante o período de vixencia deste convenio as condicións retributivas fixadas nel serán revisadas anualmente con efectividade desde o primeiro de xaneiro, en virtude do incremento porcentual que determinen as respectivas leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o persoal sometido ó réxime estatutario da función pública. Igualmente, se nas referidas leis de orzamentos se establecesen condicións máis beneficiosas para o citado persoal. estas faranse extensivas ós grupos correspondentes do persoal laboral sllxeito Ó presente convenio,* é polo que, no uso das competencias que me outorga o artigo 20 da Lei Orgánica 6/200 1, de 21 de decembro, de Universidades e o artigo 97 dos Estatutos da Universidade de Vigo,

ESTE RECTORADO RESOLVEU:

Primeiro: Con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2003, o persoal incluído no ámbito de aplicación do I convenio colectivo para o persoallaboral da Universidade de Vigo percibirá, nas tres pagas extraordinarias, a contía adicional que se determina segundo o grupo de clasificación:


Grupos	Contía adicional xuño/setembro/décembro
I	63,34 €
n	54,63 €
111	43,47 €
IV	37,89 €
V	32,31€

Segundo: Con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2004, as contías recollidas no apartado anterior experimentarán o mesmo incremento porcentual que o que a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia estableza para o persoal funcionario o ano 2004.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdicción contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo. reguladora da xurisdicción contencioso-administrativo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o dictou. Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaía resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Vigo, 24 novembro de 2003  
O RECTOR



Domingo Dotampo Amoedo